

Problema 0175: Para determinar o diámetro dun cable empregouse un calibre, medíndoo en diferentes puntos ao longo da súa lonxitude. Os resultados obtidos expresados en mm son:

1,14 ; 1,17 ; 1,14 ; 1,16 ; 1,13

- a) Calcula o valor máis probable ou real.
- b) O erro absoluto de cada medida

a)

Tomamos como valor real ou exacto da medida a media aritmética das medidas:

$$x = \frac{1,14 \text{ mm} + 1,17 \text{ mm} + 1,14 \text{ mm} + 1,16 \text{ mm} + 1,13 \text{ mm}}{5} = \underline{1,15 \text{ mm}}$$

b)

Calculamos o erro absoluto a partir do valor exacto, pero como mínimo será igual á imprecisión do aparello de medida.

$$E_a(1) = |a - x| = |1,14 - 1,15| = 0,01 \text{ mm}$$

$$E_a(2) = |a - x| = |1,17 - 1,15| = 0,02 \text{ mm}$$

$$E_a(3) = |a - x| = |1,14 - 1,15| = 0,01 \text{ mm}$$

$$E_a(4) = |a - x| = |1,16 - 1,15| = 0,01 \text{ mm}$$

$$E_a(5) = |a - x| = |1,13 - 1,15| = 0,02 \text{ mm}$$